

NORMATIVA INTERNA DA UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE TESES POR COMPENDIO DE ARTIGOS

Nalgúns ámbitos do coñecemento sucede a cotío que parte do material que integra as teses de doutoramento foi publicado previamente en forma de artigos en revistas especializadas. Esta circunstancia constitúe unha proba externa do recoñecemento que merece a tarefa que se está desenvolvendo. Por outro lado, pode servir como criterio suplementario para axudar ó tribunal que ten que valorar a tese no momento da súa presentación.

A consecuencia é que comezou a imprantarse unha modalidade de Tese de Doutoramento que consiste no compendio dunha serie de artigos publicados en revistas especializadas. Esta práctica parece que se está extendendo de forma rápida, sobre todo nalgúns ámbitos (fundamentalmente os científicos) e nalgúns universidades. En certos países europeos é comunmente aceptada e en España é un uso cada vez máis frecuente.

Esta modalidade de Tese ten de ser regulada para delimitar os requisitos que ha cumprir, para evitar disfuncións no sistema e para garantir á comunidade universitaria respecto á calidade e validez da Tese

NORMATIVA INTERNA DA UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE TESES POR COMPENDIO DE ARTIGOS

1. *A modalidade de Teses por compendio de publicacións é admitida. Debe tratarse de contribucións aceptadas en publicacións con revisión anónima dos artigos presentados.*
2. *A Tese debe incluír:*
 - a) *Unha introducción que xustifique que os traballos aportados están relacionados.*
 - b) *Unha discusión xeral ou de conxunto na que se unifiquen os resultados parciais presentados en cada artigo.*
 - c) *Unhas conclusións de todos eles.*
 - d) *Unha copia, a ser posible orixinal (reprint), das publicacións.*
 - e) *Unha descripción do factor de impacto ou outros criterios de calidade da revista.*
3. *Deben quedar claramente explícitos os nomes de tódolos autores e a súa orde, a súa filiación, o nome da publicación, a editorial e o ISSN ou ISBN. Se os artigos están aceptados e inda non publicados é imprescindible a carta do editor que xustifique a súa aceptación final e na que queden claros os datos citados anteriormente. Unha carta de aceptación condicionada a correccións, sexan maiores ou menores, non é aceptable.*
4. *Se algún dos traballos incluídos é de varios autores, ha quedar claramente de manifesto cal foi a aportación de cada autor. Isto quedará reflectido nun documento adxunto á tese que será expresamente rubricado polo autor da mesma e o seu director ou directores.*
5. *Ningún dos artigos incluídos na tese será anterior á data de matriculación no programa de doutoramento que lle da acceso ó título de doutor.*
6. *Como máximo un dos coautores dalgún dos artigos poderá formar parte da proposta de 10 membros do tribunal da tese.*
7. *Os artigos estarán na lingua orixinal da publicación correspondente. A tese terá que cumprir, nembargantes, o criterio xeral sobre idioma da tese para a Universidade de Vigo.*